

Definición do termo **CANTONALISMO** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
----------------------------	---

4

Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Insurrección que tivo lugar durante a Primeira República - O seu obxectivo era implantar unha república federal. - O proceso debía facerse “desde abaixo”, mediante a proclamación da soberanía das unidades territoriais inferiores, os cantóns. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Os focos de insurrección cantonalista xurdiron en Levante (Cartaxena) e Andalucía - O movemento desenvolveuse durante o goberno de Pi i Margall, republicano federal moderado. - Este movemento provocou a división dos republicanos federais en cantonalistas e moderados ou transixentes, partidarios da reorganización do Estado mediante unhas Cortes constituíntes. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - O movemento tivo lugar entre 1873 e 1874 - O fracaso da política de Pi i Margall provoca a caída do seu goberno e a represión da rebelión polo exército. - Os cantonalistas tamén defendían outras reformas, como a supresión de consumos e quintas ou o reparto da terra. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Estatuto Real** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Carta outorgada por María Cristina de Borbón -Datada na terceira década do século XIX, durante a rexencia provocada pola minoría de idade de Sabela II -Tratábase, en realidade, dunha convocatoria a Cortes Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Datada na época da rexencia (1833-1840) -Impuxo un réxime no que o rei mantiña importantes cotas de poder -Foi redactado a instancias de Martínez de la Rosa, liberal de signo moi moderado Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Promulgouse en 1834 e estivo en vigor ata 1836 -O seu carácter conservador provocou o rexeitamento da maior parte dos

	liberais -Non satisfizo os absolutistas, que seguiron apoiando o carlismo Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada
--	--

Definición do termo **Manifiesto de Sandhurst** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -documento asinado por D. Afonso de Borbón, o futuro Afonso XII, expoñendo as ideas básicas do réxime político da Restauración
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -texto redactado por Antonio Cánovas del Castillo -garantía o funcionamento do sistema político liberal -manifiesto datado en 1874 -asinado na academia militar inglesa de Sandhurst, un dos centros onde se formou durante o seu exilio Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -manifiesto de carácter conservador e católico, a orde social -manifiesto datado en decembro de 1874 -tras a súa publicación produciuse o levantamento do xeral Martínez Campos e a proclamación de Afonso XII como novo rei -Redacción: correcta e ben exposta.

Composición histórica: **A construción do estado liberal** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco. A resposta é unha paráfrase dos documentos. A resposta contén xeneralidades sobre a época.
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema, Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: básica e expresión demasiado simple.
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto: -Contextualizar o tema presentado na maioría de idade de Isabel II. -Citar os principios esenciais do liberalismo político (soberanía nacional, división de poderes, dereito ao sufraxio...). -Referenciar as dúas correntes básicas do liberalismo (doutrinaria e democrática) e as principais familias políticas (moderados, progresistas e demócratas). -Indicar a preferencia da monarquía polo liberalismo moderado. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto.
Notable (entre 3,5 e 4,4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións) -Explicar as principais diferenzas ideolóxicas entre moderados, progresistas e demócratas nomeadamente no que respecta ao concepto de soberanía, o sufraxio, o papel da Coroa, o recoñecemento de dereitos e as relacións Igrexa /Estado. -Facer referencia á sucesión de etapas rexistrada no período (década moderada, bienio progresista e gobernos unionistas) sinalando algunha das medidas máis significativas adoptadas e os líderes principais das diferentes correntes. -Subliñar o papel do exército na vida política do período (presenza constante de militares no poder político e protagonista de pronunciamentos)

Composición histórica: A Primeira República (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5). Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2). Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualizar a proclamación da I República no fracaso da experiencia monárquica de Amadeu de Savoia. -Indicar as principais características do proxecto de Constitución Federal (soberanía popular, república federal, sufraxio universal masculino...). -Sinalar os principais factores de debilidade do réxime republicano facendo especial mención do movemento cantonal. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalguna das seguintes cuestións) -Comentar a división interna dos republicanos (unitarios, federais gradualistas e federais radicais). -Explicar o proceso de convocatoria de cortes constituíntes e o seu resultado. -Afondar nas características do proxecto constitucional e nas razóns do seu fracaso. -Incidir no desenvolvemento do movemento cantonal. Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións): -Incidir na incapacidade da monarquía parlamentaria de Amadeu de Savoia para resolver os problemas que afectaban ao sistema político español (doc.1) -Relacionar de xeito explícito algunha das características da constitución federal cos artigos recollidos no doc. 2. -Salientar o papel desenvolvido polo cantón de Cartaxena no movemento cantonal empregando o contido do doc.3.
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións) -Referirse á sucesión de gobernos e presidentes que tivo lugar na I República (Figueras, Pi i Margall, Salmerón e Castelar) e á súa incapacidade para satisfacer as aspiracións populares. -Citar os efectos das guerras carlista e de Cuba no desenvolvemento da república. -Comentar a vinculación entre o cantonalismo e as aspiracións sociais e políticas das clases populares. -Explicar o fin do réxime republicano poñéndoo en relación cos golpes de Estado dos xenerais Pavía e Martínez Campos. Uso dos documentos: (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos): -Sinalar as dificultades existentes para o desenvolvemento do estado liberal en España, subliñando o papel xogado no mesmo polo partido republicano (doc.1). -Utilizar os artigos 39 e 43 para precisar a forma de organización do Estado (estado nacional, estados federais, municipios) e/o os artigos 41

	e 42 para incidir no papel das Cortes e na autonomía dos diferentes poderes do estado (doc.2). -Comparar a concepción de República federal defendida por gradualistas e radicais ou cantonalistas (doc.3). Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado
--	--

Composición histórica: **A Revolución Gloriosa** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Sinalar de forma xenérica as causas da revolución de 1868 (malestar político, económico e social). -Mencionar o pronunciamento militar de Cádiz e ao seu principal líder -Comentar o carácter democrático da revolución e do sistema político derivado da mesma. -Referenciar os trazos fundamentais da constitución de 1869: sufraxio universal masculino, soberanía popular, monarquía... Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións): -Explicar os factores que desencadean a Gloriosa revolución. -Sinalar os seus principais líderes militares e políticos -Referir o desenvolvemento do proceso revolucionario (alianzas políticas, formación de xuntas revolucionarias de ideario democrático, enfrontamento das tropas realistas e revolucionarias, exilio da raíña...). -Facer fincapé no feito de que os demócratas son excluídos do goberno provisional. -Mencionar varias das medidas tomadas polo goberno provisional: convocatoria de eleccións a cortes constituíntes, recoñecemento de amplas liberdades, disolución das xuntas revolucionarias... -Afondar nas características da constitución de 1869: clara división de poderes, liberdade de cultos, dereito de reunión, de asociación, sistema

	bicameral... -Sinalar o establecemento da monarquía de Amadeu de Savoia como conclusión da revolución. Uso dos documentos ademais do esixido para o aprobado, no comentario se fai referencia aos obxectivos propostos polos revolucionarios (doc.1), se sinala a importancia do dereito ao sufraxio (doc. 2) e se relaciona de xeito explícito algún dos artigos do doc. 3 co contido da Constitución. Redacción: correcta e texto coherente
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións): -Mencionar o Pacto de Ostende e os seus integrantes como o paso previo á revolución de setembro de 1868. -Comentar as reivindicacións sociais das xuntas revolucionarias en consonancia co carácter popular do proceso revolucionario: supresión de quintas, abolición dos consumos, recoñecemento do dereito de asociación... -Enumerar outras medidas menos coñecidas do goberno provisional: creación da peseta, reorganización da milicia nacional, emancipación dos fillos dos escravos, decreto de liberdade de ensinanza... -Facer fincapé no progresivo distanciamento das clases populares integradas nas xuntas revolucionarias respecto dos grupos burgueses ata o momento marxidados do poder político e que organizaran a revolución (revolución falseada) -Comentar a fragmentación política resultante das eleccións a cortes constituíntes, a cal será un factor de inestabilidade durante todo o Sexenio Democrático. -Sinalar a constitución de 1869 como a máis avanzada de todo o s.XIX. -Mencionar a rexencia de Serrano como paso político previo á monarquía de Amadeu de Savoia. Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable no comentario analízase en profundidade algún dos documentos): -A resposta relaciona as demandas recollidas no doc. 1 coa restrición de dereitos e liberdades propias do moderantismo e da constitución de 1845 -Comentar as limitacións impostas ao sufraxio universal (idade, sexo) (doc, 2) -Relacionar de xeito explícito o artigo 33 do documento 3 con un dos obxectivos do goberno provisional de procura dun novo rei Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado